



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

38a₁ [4] [1]

♩ = 132 (Narrativa)

Celavente, *O Bolo*. Febreiro 1981.

2) Eu co-llín os meus boi-ci-ños e mar-chei-me á a- ra- da
 trai-la- ra lai-la lai-la lai-la trai-la- ra lai-la lai-la-la

Viana V,1,434. Luciana 74.

L: 238a.

*Transcrición orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

I 238a

“Márchate de casa, Xuan,
 colle os bois e vaite á arada”

Trailara laila, laila

Trailara laila, lailalá.

“Eu collín os meus boiciños
 e marcheime á arada.

Trailara laila, laila

Trailara laila, lailalá.

No medio do camiño
 olvidouseme a guillada;

Trailara laila, laila

Trailara laila, lailalá.

Cuando me cheguein á casa
 estábame a porta pechada.”

Trailara laila, laila

Trailara laila, lailalá.



“Ábreme a porta, muller,
que veño por a guillada.”

Trailara laila, laila
Trailara laila, lailalá.

Cuando me entrein en casa
estábame a mesa moi preparada.

(...)

Púxenme a comer na mesa
como se non fora nada.

Trailara laila, laila
Trailara laila, lailalá.

“E o gato do taberneiro
que ven pra onde a nosa gata”

Trailara laila, laila
Trailara laila, lailalá.

“Traime a escopeta, muller,
e traíma ben preparada,
que vou matar este gato
que está debaixo da cama.”

“Non o mates tu, meu home,
que é moi bon pra nosa casa,
a ti dache pantalóis
i a min levántame a saia.
I ós nenos dáballes perras
pra que non dixesen nada.”